

1. HÁBITAT:

Fases del cultivo	T ^a mínima	T ^a óptima	T ^a máxima
germinación	5-8	18-20	30
Crecimiento vegetativo	5	15-24	25
Floración y fructificación	5	10	15

É unha hortaliza clima fresco, que resiste as xeadas se non son moi persistentes. Os mellares resultados de produción obtéñense en lugares templado-frios e en lugares pouco soleados. Prefire solos de textura franca, con un bo drenaxe e pouca pendente. O pH aconsellado para o solo oscila entre 6,0 e 6,9.

2. CICLO VEXETATIVO:

Unha vez nacida a planta emite as primeiras follas, estas son tenras e denomínanse nabizas. Logo aparecen os cimóns que son estas mesmas follas pero con talos máis longos e duros. Despois aparecen os grelos, que son os talos floríferos tenros, xusto antes de que aparezan os capullos das flores.

A súa reprodución é por semente, anualmente. A variedade de cedo florece a mediados de febreiro e forma a nabiña para recollela no mes de maio. A de tarde florece a mediados de abril e recóllese en xuño. Para collela debe estar bastante seca (color beis) pero non deixar que abran as vainas nas que están as sementes. Unha vez recollidas cólganse cara abaixo para que acaben de secar. Despois debúllanse pisando cos pes e escóllense cun cribo.

3. TÉCNICAS DE CULTIVO:

Abonado:

É un cultivo moi esixente en materia orgánica e en nitróxeno. Aplicaranse 60 toneladas de purín denso pouco antes da sementeira. O abonado químico, dada a alta cantidade de materia orgánica cun alto contido en nitróxeno, será dun equilibrio 1-1-1, (exemplo 15-15-15).

Labores:

Dase unha labor de fresadora para desmenuzar o terreo. Logo incorpórase o purín e pásase chisel para romper o chan e mesturar a materia orgánica no terreo. Faise o abonado de fondo e vólvese a pasar a fresadora. O terreo nn ten porque quedar demasiado triturado.

Despois procédese á sementeira a voleo. Para elo, mestúrase a semente con area para que non queden moi bastos. Se a superficie é pequena (sementeira de cedo) a sementeira farase manualmente, se é de tarde (superficie maior de 5000 m²) con abonadora. Despois da sementeira pasara-se a grade de dentes con rodillo e logo o pisón, para así comprimir un pouco o terreo, favorecer a xerminación e mellorar a recollida. A cantidade de semente por ha. é de 4-5 kg e debe quedar ben repartida na superficie total, pois se nacen moi bastos as plantas serán moi finas e o redemento baixaría moito. Os de cedo sementaranse a última semana de agosto e as de tarde a última semana de setembro. As escarda non son necesarias, pois o cultivo domina perfectamente as malas herbas.

4. RECOLECCIÓN:

A recolección faise manualmente. Nas nabizas arrancando a planta enteira para limpala posteriormente na nave. Nos grelos rompanse coa man. Cando se apañan as nabizas, vanse rareando para que as que quedan vaian engordando e boten grelo. O transporte dende a leira a nave faise a granel no remolque.

Nabiza cedo: dende principios de outubro a finais de novembro.

Grelo de cedo: dende principio de decembro a finais de xaneiro.

Nabiza de tarde: dende principios de novembro ata finais de xaneiro.

Grelo de tarde: dende principios de xaneiro ata finais de marzo.

5. PLAGAS E ENFERMIDADES:

Normalmente é necesario realizar un tratamento (máximo 2) contra a mosca branca e as orugas con Decis protech. Nas primeiras etapas con temperaturas medias a alta humidade tamén pode aparecer mildeo. Non se debe cultivar máis de 3 anos seguidos na mesma parcela para evitar a potra.